

Centro Dramático Galego

presenta

unha obra escrita por Manuel Lourenzo


AS DUNAS

Free Spa



DIRECCIÓN: QUICO CADAVAL - **AUTOR:** MANUEL LOURENZO - **ESPAZO ESCÉNICO E ILUMINACIÓN:** BALTASAR PATIÑO - **FIGURINOS:** GILDA BONPRESA - **DIRECCIÓN MUSICAL:** BERNARDO MARTÍNEZ - **COREÓGRAFO:** ARMANDO MARTÍN - **DESEÑO GRÁFICO:** RODRIGO ROEL - **ELENCO:** PAULA BUJÁN - EVARISTO CALVO - MANUEL CORTÉS - SUSANA DANS - CHRISTIAN ESCUDERO - MOS - PAULO OLIVEIRA - IRIA PINHEIRO - RODRIGO ROEL - DAVIDE SALVADO

ESPAZOS CDG (Institucións e entidades colaboradoras)



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2008-2009



Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación.
AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais)
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
comunicacion.agadic@xunta.es

www.agadic.info

| ÍNDICE |

Presentación	4
Ficha artística	5
Funcións	6
A obra	7
Sinopse	8
A produción.....	9
O autor	10
O director	11
O elenco	12

| PRESENTACIÓN |

Un cabaré sobre o paraíso perdido

Temos dúas maneiras de gozar da ficción, sexa no cinema, no palco ou nas páxinas dun libro. As ficcións, as narracións, arrebatánnos por dúas causas. Pode ser que nos seduzan porque nos falan do que nos é propio, do noso propio mundo, do que coñecemos e recoñecemos, ou pódennos atraer falándonos do descoñecido, do exótico, dos países que se perden no neboeiro do horizonte, eses lugares que dubidamos se son mesmo verdade ou se son o simple reflexo dun soño nun espello. En resumo, as persoas interesámonos só polo que coñecemos ou polo que descoñecemos, somos así.

Manuel Lourenzo, meu amigo, mestre e chufón, na súa extensa obra, que o obrigou a ampliar o caixón famoso onde dormen as pezas que ninguén viu, ten escrito moito sobre nós, o que nos é propio como país clandestino, cristián e atlántico, e tamén o que nos é propio espiritualmente. Tamén, filantropicamente, escribiu sobre países exóticos, sobre territorios da alma estranxeira, para sabermos, os de aquí, que se pode vivir mellor, menos infelices e menos indignos e que tamén se pode vivir peor, que non hai motivos para tanta queixa.

Eu lembro que, cando os dous eramos novos, escribiu un Woyzeck de Büchner, e digo escribiu e non traduciu, porque era tan noso o resultado que non podía ser completamente alemán. Aquel monumento á felicidade humana encontrou nas palabras galegas que lle deu Manuel Lourenzo un vehículo para o seu veneno.

Os velenos son moi importantes na súa obra, os velenos e todos os gabinetes alquímicos e todas as súas cerimoniais. A vontade de matar e o seu resumo químico nun frasco pequeno. Tamén lembro Xoana. Unha obra extraordinariamente estranxeira, a morte castelá, o amor flamengo, formas completamente alleas á nosa experiencia e á nosa tradición. Un teatro como un soño estrafalario.

Agora pediume Manuel que traballe con el e eu estou feliz, polo que calquera pode sospeitar e mais polo que sei. Manuel Lourenzo prometeu unha peza sobre o que nos é propio completamente exótica, unha obra tan boa e que vai falar do noso país tan ben, que non o imos recoñecer. Imos ter a un tempo o propio e o exótico.

Un cabaré sobre o paraíso perdido. A paisaxe sinxela da infancia destruída, ironicamente, polo paraíso en cápsulas que é o turismo. A destrución do rostro dun país como unha catástrofe de cirurxía plástica, a ruína sentimental escenificada coralmente por un grupo de homes e de mulleres que procuran o amor enriba dunha onda de cemento. Tamén me prometeu que vai ser unha comedia. Algo completamente estranxeiro.

Quico Cadaval

| FICHA ARTÍSTICA |

Autoría	Manuel Lourenzo
Dirección	Quico Cadaval
Produción	Centro Dramático Galego
Elenco (por orde alfabética)	Paula Buján López: <i>Lucinda</i> Evaristo Calvo: <i>Serapio</i> Paulo Ausendre Castro Oliveira: <i>Calí Caiate</i> Manolo Cortés: <i>Helio</i> Susana Dans: <i>Lola</i> Christian Escuredo: <i>Cristian</i> "Mos": <i>Melodrama</i> Iria Pinheiro: <i>Eva</i> Rodrigo Roel: <i>Florencio Pardo</i> Davide Salvado: <i>Milo</i>
Axudante de dirección	Hugo Torres
Asistencia de produción	Marta Lago
Meritorio de produción	Pepe Santos
Deseño do espazo escénico	Baltasar Patiño
Deseño do vestiario	Gilda Bonpresa
Deseño de iluminación	Baltasar Patiño
Deseño do espazo sonoro	Bernardo Martínez
Coreografía	Armando Martén
Realización do vestiario	María Negreira
Maquillaxe	Dolores Centeno
Perruquería	José Martínez
Prensa	Gabinete de Comunicación da AGADIC
Caderno pedagógico	Ánxela Gracián e Carlos Labraña (Gálix)
Fotografía	Tono Arias
Deseño gráfico	Rodrigo Roel
Gabinete de comunicación	Trisquelia
Revisión lingüística	Rossetta
Coordinación de Espazos CDG	Xocas López e Pepablo Patinho

| FUNCIONES |

FUNCIÓNS XERAIS

Santiago de Compostela	Salón Teatro: do 6 de marzo ao 2 de abril. Estrea: venres 6 de marzo ás 21.00 h. Funcións: venres 13, 20 e 27 ás 20.30 h sábados 7, 14, 21 e 28 ás 20.30 h domingos 8, 15, 22 e 29 ás 18.00 h Funcións escolares: mércores 11 e 25 de marzo e 1 de abril ás 11.00 h xoves 12 e 26 de marzo e 2 de abril ás 11.00 h
O Barco de Valdeorras	Teatro Lauro Olmo: 17 de abril.
A Coruña	Teatro Rosalía: 24 e 25 de abril ás 20.30 h.
Vigo	Centro Cultural Caixanova: 29 e 30 de abril ás 20.30 h.
Tui	Teatro Área Panorámica: 8 de maio ás 21.30 h. e día 9 ás 20.30 h.
Vilagarcía de Arousa	Auditorio Municipal: 14 e 15 de maio.
Ourense	Teatro Principal: 22 e 23 de maio ás 20.30 h.
Narón	Pazo da Cultura: 29 e 30 de maio.
Ferrol	Teatro Jofre: 13 de xuño.

*A xira do espectáculo prolongarase até o mes de maio. Existen funcións pendentes de confirmación que se anunciarán oportunamente.

| A OBRA |

As dunas é o resultado do texto escrito por Manuel Lourenzo como dramaturgo residente do Centro Dramático Galego (CDG). A obra, coa que a compañía pública culmina o seu plan de produción propia para a actual temporada teatral 2008-2009, conta coa dirección de escena de Quico Cadaval. Os talentos creativos de Lourenzo e Cadaval xúntanse nesta nova proposta á que ambos se refiren como “un cabaré sobre o paraíso perdido”.

Trátase dunha obra fortemente onírica sobre a especulación inmobiliaria, os impactos ecolóxicos, os atentados á paisaxe e a falta de respecto á natureza. A acción transcorre nunha nave industrial arruinada, na feuxa interior da Mariña luguesa, onde son convocados polo construtor *Florencio Pardo*, a gobernanta *Lola*, o intendente *Serapio*, o empregado *Calí Caiate*, que forma con *Helio* e *Melodrama* o trío musical, e o corpo de danza composto polas parellas *Eva-Christian* e *Milo-Lucinda*. Esta tropa estrafalaria está a ensaiar un número artístico para animar a inauguración do *free spa* “As dunas”, sobre o que pende unha ameaza de derubamento.

A estética da montaxe baséase na cultura popular dos anos setenta, especialmente nos filmes da terceira vía (unha solución ecléctica entre o cine chabacano e o intelectual), no cómic, na telenovela ou na fotonovela. O resultado, en palabras do propio director, é “unha especie de pastiche cun pouco de aventura, un pouco de crítica política, un pouco de sexo e un pouco de risa”.

A música en directo supón unha parte importante nesta peza. Estilos como o jazz ou o rap, pasando polo fado ou a morna, con especial énfase no *funaná* (un xénero musical e de danza orixinario de Cabo Verde), están moi presentes en todo o espectáculo.

| SINOPSE |

Nun promontorio pendurado sobre o mar Cantábrico, o construtor Pardo decide erguer “As dunas”, moderno spa ou balneario musical que abrirá as súas portas día e noite, que terá como destinatarios a amantes de praceres prolongados e integrará actividades que van dende o relax ao goce musical pasando por todo tipo de refinados praceres do corpo. En realidade, o que anda pola mente de Pardo é a contratación dun grupo musical de certo prestixio para poñer en marcha un espectáculo, a medio camiño entre a danza e música profesional de raíz e unha proposta máis atrevida e, sen dúbida, moito máis insinuadora e procáz.

Para rexentar tal impresionante complexo turístico-musical o empresario contrata unha antiga noiva da xuventude, Lola, muller entrada en carnes, disposta, de bo carácter e instalada no mundo real, que ademais lle segue querendo. A moza é moi hábil para traer a Pardo ao rego, para rexentar o local e para se entender cos músicos. Coa chegada destes á nave dos ensaios imos asistindo á presentación das súas vidas, as esperanzas, os desvelos, as frustracións, os sonhos, os desgustos e as angustias. Así, sabemos dos amores homosexuais entre Serapio (home xa maduro e descrido) e Milo (depresivo, pusilánime, tristeiro e torturado); a personaxe do inmigrante Cali Caiate (caboverdiano con residencia en Burela, ou burelao con orixes caboverdianas) que naceu para a música e os ritmos do amor. As personaxes de Christian, Lucinda, Eva e Helio enfrontadas polos celos e os sentimentos do amor, tamén pola súa capacidade para soñaren futuros incertos ou para non se desapegaren endexamais da prosaica realidade.

Texto extraído do Carderno Pedagóxico “As dunas”
Ánxela Gracián e Carlos Labraña (Gálix)

| A PRODUCCIÓN |

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral compañía de teatro adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura e Deporte facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), entidade que sucede ao IGAEM segundo a Lei 4/2008 de 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobada polo Parlamento de Galicia.

Nestes 25 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por temporada, seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da AGADIC (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestuario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

As últimas representacións do CDG foron *A boa persoa de Sezuán* (2008) de Bertolt Brecht e dirección de Nuno Cardoso, *Estigma*, de Jacobo Paz, Rubén Ruibal e Vanesa Sotelo con dirección de Dani Salgado e *Valdemuller* de Xosé A. Neira Cruz e dirixida por Pablo Vergne (2008).

| O AUTOR |

Manuel Lourenzo

Manuel Lourenzo é un dos grandes nomes propios das artes escénicas galegas, como pon de manifesto o Premio Nacional da Cultura Galega que recibiu o pasado mes de xuño. Contribuíu amplamente a conformar un teatro galego maduro e independente, a través das súas múltiples facetas que abranguen case todos os campos: autor, director, actor, tradutor, teórico, conferenciante, fundador de varias compañías, editor de coleccións literarias e profesor.



Nado en Ferreira do Valadouro en 1943, con vintedous anos creou xunto a Francisco Pillado o Grupo de Teatro O Facho, co que dá os seus primeiros pasos o teatro independente galego. Sucesivamente fundaría outros grupos e compañías: Teatro Circo (1967), Escola Dramática Galega (1978), Compañía Luís Seoane (1980), Elsinor Teatro (1990) e Compañía Casahamlet, que rexenta na actualidade.

Ademais de varios traballos para a radio, a televisión e o cinema, coordinou xunto con Francisco Pillado varias publicacións, como os Cadernos da Escola Dramática Galega, o Caderno do Espectáculo da Compañía Luís Seoane, Castrodouro-Teatro, Elsinor-Teatro e na actualidade a Revista Casahamlet. Ambos son autores tamén de varios estudos sobre a historia da dramaturxia galega, como *O teatro galego* (1979), *Antoloxía do teatro galego* (1981) e *Dicionário do teatro galego* (1987).

Lourenzo é autor de máis de cincuenta obras dramáticas, entre as que se atopan *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*, *As criadas*, *Defensa de Helena*, *Electra*, *Últimas faíscas de setembro*, *Veladas indecentes* e *Insomnes*. Verqueu ao galego pezas dos clásicos gregos e de autores como Goethe, Büchener, Fassbinder e Heiner Müller e levou a escena a dramaturgos como Sófocles, Eurípides, Puschkin, Chekov, Strindberg, Brecht e Genet, e a autores galegos como Castelao, Cunqueiro, Otero Pedrayo, Euloxio R. Ruibal, Xesús Pisón, etc.

O seu labor como escritor e director teatral foi recoñecido con máis dunha vintena de premios, entre os que se atopan o Premio Abrente, o Facho de poesía, o Celso Emilio Ferreiro de Poesía, o premio do Festival Internacional de Teatro de Ribadavia ao mellor director, o Rafael Dieste en dúas ocasións, o Premio Nacional de Literatura Dramática e o Pedrón de Ouro.

| O DIRECTOR |

Quico Cadaval

Actor, director e adaptador teatral, Quico Cadaval foi o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galicia na década dos noventa. Aprendeu a contar contos desde moi neno grazas a unhas vellas que se encargaron de transmitirlle historias, e tamén grazas ás persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna da súa nai.



Nado en Ribeira en 1960, comezou na interpretación teatral a finais dos setenta e xa a mediados dos oitenta, funda a súa propia compañía, O Moucho Clerc. Na súa faceta de dramaturgo produciu os textos *Un código clandestino*, unha dramaturxia dos poemas medievais galaico-portugueses, *O rouxinol da Bretanha* sobre BD de Hugo Pratt, *A caza do snark*, sobre o poema de Lewis Carrol, *Se o vello Simbad volvese ás illas* (que recibiu o premio María Casares ao mellor texto adaptado en 2003) e *O ano do cometa*, ambos os dous dos romances homónimos de Álvaro Cunqueiro, Rapatú, do conto popular europeo *A sogra do diablo*, ou *Espantoso!!!*, que foi premiado co María Casares ao mellor texto orixinal do teatro galego en 2002.

Como director escénico, púxose á fronte de montaxes como *A cor das cerejas*, *Doberman*, *Squash*, *A cigana vermelha da Ilha Terceira*, *A cantiga do desterro*, *Chanson d'exil*, *Speer*, *A voda dos moinantes...* É ademais guionista e director dos espectáculos de Mofa e Befá (*Para ser exactos*, *Cultura para dar e tomar* e *Finis Mundi Circus*) e recentemente dirixiu para PT Excéntricas a peza *No comment* (Obra). Para o CDG dirixiu as producións *Como en Irlanda* (1996), *O ano do cometa* (2004) e *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007), que lle valeu o Premio María Casares 2007 á Mellor Dirección.

No campo audiovisual ten traballado en guións de curtametraxes (*A gran liquidación* ou *Cabeza de boi*) e de programas de televisión (*Apaga a luz*). Na súa faceta de actor participou en curtas (*Amor serrano*) e longametraxes (*A rosa de pedra*). Ademais para a TVG colaborou no espazo *Máxima Audiencia* e dirixiu a serie *Miña sogra e mais eu*. Tamén foi profesor de interpretación de *Operação Triunfo* da Radio Televisión Portuguesa (2003).

| O ELENCO |

Paula Buján López (*Lucinda*)

Procedente da escena universitaria, chega ao teatro da man da Aula de Teatro Universitario de Lugo, coa que actúa en *Km526* (con dirección de Paloma Lugilde, 2005), *O público* de Federico García Lorca (dir. Paloma Lugilde 2007), *Pirula no vertedoiro* de Kukas (2007) e *A ronda* (2008) de Arthur Schnitzler baixo a dirección de Quico Cadaval.

Participou como actriz nas *performances* de rúa da compañía Palimoco Teatro *O soño dun artesán* (2005), *Caracola perdida no Caurel* (2007), *O rato da biblioteca* (2008) e *Enriqueta na galería* (2008).

Para mellorar a súa formación, asistiu a talleres de arte dramático, cursos de *Commedia dell'Arte*, teatro na escola, maquillaxe teatral, construción e manipulación de marionetas....

Evaristo Calvo (*Serapio*)

Director, autor teatral e actor, comezou a súa actividade interpretativa a mediados dos 70 no teatro afecionado coruñés, traballando como actor en *O proceso de Lucullus*, *Os perxuicios do tabaco*, *Adeus Madelón*, *Moleques*, *Historia de Neera*, *Fas e Nefas*, *O Rusiñol da Bretanha*, *Commedia*, un xoguete para Goldoni, *Para ser exactos*, *Raíñas de pedra*, *Anxeliños*, *O rei Nu*, *Finis Mundi Circus* e *Sempre ao lonxe*, espectáculos realizados para diversas compañías de teatro como son Danthea, Escola Dramática Galega, Teatro do Atlántico, O Moucho Clerc, Teatro Submarino, Ollomoltranvía ou Teatro do Aquí. Pero foi o dúo Mofa e Befá -con Víctor Mosqueira- o que lle deu maior fama. Para o CDG interveu en catro das súas producións: *O ano do cometa* (2004), *A comedia do Gurgullo* (2003), *Un soño de Verán* (1992) e *O Incerto Señor Don Hamlet* (1991).



Dentro do ámbito da dirección escénica, púxose á fronte das montaxes *Qui pro Quo* (de Ollomoltranvía), *Hotel Run* e *So Sobre* (para Sapristi) e *Bicharada* (para Berrobambán), asumindo tamén a produción dos textos.

En cine, participou nos filmes *Cielito Lindo* de Alber Ponte, *A Metade da Vida* de Raúl Veiga, *Dáme lume* de Héctor Carré, *Dáme algo* de Héctor Carré, *Gran liquidación* de J. Coira (pola que recibiu o Premio AGAPI 1996 ao Mellor Actor co tándem Mofa e Befá, *ex aequo* para R. Sánchez “Luna”), *A los que se aman* de Isabel Coixet, *¿A ti como se che di adeus?* de J. Coira, *Fisterra* de X. Villaverde e *La Promesa* de Héctor Carré.

Canto a televisión, participou como actor nas series da TVG *Superamigos*, *Con Perdón*, *A Familia Pita*, *Pratos Combinados*, *O Tesouro*, *Mareas Vivas*, *Avenida de América*, *A Miña Sogra e Máis Eu*, *Apaga a luz* e *Máxima Audiencia*. Entre as canles televisivas de fóra de Galicia para as que ten traballado figuran Antena 3 TV (*Manos a la obra*), Tele 5 (*De domingo a domingo*) e a catalá TV3 (*Oh Espanya!*). Asemade, escribiu guións para as series *Terras de Miranda*, *Apaga a luz* e *Máxima Audiencia*.

Entre os premios que recibiu destacan os Premios María Casares á Mellor Dirección polo espectáculo *Qui pro Quo* (1999) e ao Mellor Actor Secundario por *Anxeliños* (1998).

Paulo Ausendre Castro Oliveira (*Calí Caiate*)

Nacido en Angola, iniciou a súa traxectoria teatral co profesor Tito Agra Amorim no grupo Argos, en São Pedro do Sul. Entre 1993 e 1996 participou nun curso de interpretación co Ballet Teatro Contemporáneo do Porto, impartido por profesores como João Mota, Franco Brambilla, Júlia Correia, João Paulo Seara Cardoso, Roberto Merino, Antonino Solmer, Né Barros, Isabel Barros, Jorge Levi, Cucha Carvalheiro, Ricardo Pais, Nuno Carinhas, entre outros. Tamén asistiu a seminarios de danza con Joana Providencia; técnicas de Novo Circo con André Braga e materiais performáticos con Mario Afonso.



A partir de 1996 iniciou a súa actividade como actor profesional traballando en máis de corenta producións con directores como Ricardo Pais, Nuno Carinhas, Stephen Johnston, João Luís, Rui Spranger, Fernando Mora Ramos, Carlos Curto, Manuel Gama, Gisela Cañamero, Miguel Seabra e Natália Luiza, Amandio Pinheiro, ou Quico Cadaval entre outros.

Durante ese tempo, tamén dirixiu as montaxes *Mago Morgado e Miúra*, de “Os Bichos” de Miguel Torga, *As Aventuras do Bebé Feijão*, da súa propia autoría, e os sós performativos, *Rádio Zapping – Alucinações Magnéticas*; *O Ovo Quadrado* e *Retratos sonoros do Amor e da Fortuna*. En 1998 funda con Rui Spranger o grupo *Arte Não-Motivo Teatro*.

No ano 2000 recibiu o *Premio Inatel/Teatro – Novos Textos 2000* co texto *Blacklight MC* e en 2002, o *Premio Revelação de Literatura para infancia e juventude* da Associação Portuguesa de Escritores / IPLB (Instituto Português do Livro e da Biblioteca), co conto *As aventuras de Vicente Feijão*.

Manuel Cortés (*Helio*)

Actor, escritor e tradutor, iniciouse no mundo do teatro a principios dos anos 90 co grupo Chévere co que formou parte do elenco nas montaxes *Big Bang* (1992), *Río Bravo* (1992-1994), *Annus Horribilis* (1994), *Órbita Mutante* (1997), *Valle Inclán Pirata* (1998), *A rutina é o deber de todas as criaturas* (1998), *Hero.es* (1999), *Clown Fútbol* (2000), *Casa Tomada* (2000), *O Navegante* (2001), *Río Bravo 02* (2002), *Radio Universo* (2003) e *Tentacular* (2005).



No mundo audiovisual está especialmente ligado ás series da TVG *Pepe o inglés*, *As Leis de Celavella* e *Libro de familia*, aínda que tamén interveu en algúns episodios de *A vida por diante*, *Terras de Miranda*, *Marreas Vivas* e *A Familia Pita*.

Participou, asemade, nas longametraxes *Crebinsky* (2008, baixo a dirección de Enrique Otero), *Rafael* (2007, dir. Xavier Bermúdez), *Pradolongo* (2007, dir. Ignacio Vilar), *Un cuento para Olivia* (2006, dir. Manane Rodríguez) e *O lápis do carpinteiro* (2001, dir. Antón Reixa), así como nas curtas *Formularios Truculentos* (2006), *En plan Galicia* (2005), *Coco e Bobo* (2004) e *Obituario* (1996).

Na súa faceta como dramaturgo, produciu os textos *A Conxura do Polbo Sideral* (espectáculo en directo para o Xabarán Club), *PeriFeria*, para a compañía Voadora, *Sidecar*, para Belmondo Producións, *Alá no fondo hai sitio abondo*, *Radio Universo*, *HumANA*, *O Navegante*, *Casa Tomada*, *Show sincero de Ana Pudor* e *Javi Abreira*, *Hero.es*, *A rutina é o deber de todas as criaturas* e *Valle Inclán Pirata*, todos eles para Chévere Teatro.

A súa actividade teatral esténdese igualmente á tradución de textos, á escrita de guións de televisión, dos libros de poesía *A rutina é o deber de todas as criaturas* (Edicións Positivas, 1997) e *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (Creación colectiva, Edicións Positivas, 1994), ademais de letras para cancións de diversos grupos de música e de teatro como Os Quinindiola, Nicho Varullas, A Banda da NASA, Chévere, Compañía de María e Mofa e Befá.

Susana Dans (*Lola*)

Actriz de teatro, cine e televisión, posúe unha ampla e recoñecida traxectoria profesional, tal e como o demostran os numerosos premios que recibiu: Premio María Casares 2000 á Mellor Actriz Protagonista por *O cerco de Leningrado* de Teatro do Atlántico, Premio María Casares 2002 á Mellor Actriz Secundaria por *Rosalía* (CDG), II Premio de interpretación Maruxa Villanueva pola súa traxectoria no ano 2002, Premio María Casares 2005 á Mellor Actriz Secundaria por *O ano do cometa* (CDG) e Premio María Casares 2007 á Mellor Actriz Protagonista por *A Piragua* (CDG). Nesta mesma edición, tamén estivo nominada na categoría de Mellor Actriz Secundaria por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (CDG).



Canto ao audiovisual, actuou en numerosas producións propias da TVG como *Caravana de sabores*, *Pratos combinados*, *Os outros feirantes*, *Arroz con chicharos*, *Arestora...* Mais tamén participou nas longametraxes *Blanca Madison* (2003), dirixida por Carlos Amil, *Martes de Carnaval* (1991), de P. Carvajal e F. Bauluz, *Divinas Palabras* (1987) de J. L. García Sánchez e na curtametraxe *Cabeza de boi* (1996), de José Carlos Soler.

Susana Dans traballou anteriormente co CDG en *A Pousadeira* (1987), *O arce do xardín* (1989), *O incerto señor don Hamlet* (1991), *A Lagarada* (1992), *Leoncio e Helena* (1993), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Nau de Amores* (1995), *Hostia* (1996), *Como en Irlanda* (1996), *Lisístrata, ou cando as mulleres reviraron* (1997), *O peregrino errante que cansou ao demo* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Memoria de Antígona* (1998), *A burla do galo* (2000), *Rosalía* (2001), *O ano do cometa* (2004), *A Piragua* (2007) e *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007).

A súa experiencia profesional complétase cos seus traballos interpretativos nas montaxes *Muller do porvir* de Teatro da Lúa, *O cabodano* e *Saxo tenor* de Teatro do Aquí, *Mulleres*, *Trínquili-trángala* e *Fedra Gómez* de Uvegá Teatro, *O cerco de Leningrado* e *Vellos Tempos* de Teatro do Atlántico, *A casca dunha árbore*, de Kukas Produccións Artísticas, *Tatuaxe* e *Salacot e filloas* (cabaret) de Pífano Teatro, *Como as camisas de liño* da Escola Dramática Galega, *Aquela historia de Bly* e *Forzas eléctricas* da Compañía Luís Seoane e *O prohibido* de cabaret Susana Dans.

Compaxina o seu labor interpretativo coa faceta de cantante como vocalista do grupo de son-bolero Danzones. Ten realizado diferentes traballos de dobraxe e copresenta o programa da Radio Galega *Chascarras-chás*.

Christian Escuredo (*Cristian*)

Diplomado en Educación Musical pola Universidade de Valladolid, actualmente cursa estudos de interpretación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.



Na súa incipiente traxectoria interpretativa, interveu en *El rapto del serrallo* (2005), *O Papa e a bruxa* (2006), *Viva el teatro* (2006), *Romeo e Xulieta* (2007) para Teatro do Noroeste e *Game Over* (2008) para Teatro CaChuzo. Canto ao cine, traballou como actor de reparto na longametraxe *Assalto ao Santa María* (2008), baixo as ordes do director Francisco Manso. E como bailarín, formou parte do elenco de *Artes no camiño* (dir. Jurik Konjar, Leo Dan e Carlota Pérez) e *Kiss* (dir. Tino Sehgal).

Asistiu a diferentes cursos de danza clásica e moderna, así como de interpretación impartidos por Carlos Morales, Carlos Burguillo, Ángel Velasco, Jorge Eines, Carmen Portacelli e Scena 21. Participou tamén en cursos monográficos impartidos por Marta Carrasco (creación escénica), Helen Rowson e Paul Furrington (*Estill Voice Training System*), Julio Castronuovo (pantomima), Jordi Rovira (técnica vocal), Ramón Bermejo (canto moderno e jazz), así como de teatro musical na Escola de Teatre Musical Memory de Barcelona.

Ademais, como cantante ten xa un traballo discográfico no seu haber, *Inesperadamente* (producido por Zouma Records), álbum de Ouro Galego co que xirou con máis de 100 actuacións por Galicia, España e Arxentina.

"Mos" (*Melodrama*)

Comezou a súa carreira como actor nos anos noventa coa compañía Carozza Teatro coa que puxo en escena *O paxaro bobo?*, *Sursum Corda*, *Cento Voando*, *Os Palleiros*, *Desgraciados*, *Oh!*, *Actor*, compositor. A continuación, interveu en *Os carros do Camiño* (1999), espectáculo producido por Xacobeo 99, *A Celestina* (Teatro do Noroeste, 2000), *O país acuático* (Teatro do Noroeste, 2000), *A cacatúa verde* (CDG, 2001 baixo a dirección de Eduardo Alonso), *Una Gloria Nacional* (Ad Libitum, 2001), *Baby Boom no paraíso* (Rara Avis, 2002), *Tres Notas* (Bucanero Teatro, 2003), *Ela, Él e Pirandello* (N+I Teatro, 2003), *Por un millón de dólares* (Bucanero Teatro, 2005), *Imperial, café cantante* (Teatro do Noroeste, 2006) e *O Burgués Fidalgo* (con dirección de Celso Parada para Teatro do Morcego, 2007).



Na pequena pantalla, ten actuado en varias teleseries da TVG entre as que destacan *Libro de Familia*, *Terras de Miranda*, *Mareas Vivas*, *Rías Baixas*, *A vida por diante*, *Fíos*, *As Leis de Celavella*, *Pequeno Hotel*, así como na serie de Antena 3 *Nada es para siempre*.

Cursou estudos de interpretación na Escola de Teatro de Narón e asistiu tamén a cursos de contacontos e de Commedia dell'Arte (impartidos por Santiago Prego), interpretación ante a cámara (impartido por Asumpta Serna) e interpretación para televisión (a cargo de Gonzalo Baz).

Iria Pinheiro (Eva)

Actriz, bailarina, cantante, cabareteira e presentadora de televisión, a súa traxectoria profesional comeza en 2001 nas *Ultranoites* da sala Nasa, un cabaré colectivo no que colaborou até 2009. Durante estes anos actuou nos espectáculos da compañía *Détour, jazz-cabaret* onde tamén exerceu como cantante e guionista, así como nas montaxes de Chévere Teatro *Cabaré científico SOS Planeta Terra* e *Innoescena*. Ademais, acaba de estrear o pasado mes de novembro *Nexus 6*, unha proposta multidisciplinaria da compañía Branca Novoneyra na que se funden as linguaxes do cabaré e a danza contemporánea.



No eido audiovisual, actou nas longametraxes *Catalina* (2006) e *De Bares* (2005), ambas as dúas baixo a dirección de Mario Iglesias, así como nas curtas *A cola* (2001, con dirección de Julio Rodríguez), *Underground* (2003, dir. Manolito Portolés), *El sueño matriusko* (2003, dir. Mario Iglesias), *Toxic Percebe* (2003, dir. Xavier Jácome e Martín Fiallega), *El masticar de los muertos en sus tumbas* (2004, dir. Oscar Suárez e Ángel Regueiro), *Ice porno* (2004, dir. David Vieites), *Din que chove. (Hai que botalos)* (2005, dir. José Díaz), *Formularios truculentos* (2006, dir. José Díaz) e *La luz en invierno* (2007, dir. David Hernández).

Na pequena pantalla, compaxina o seu labor interpretativo en espazos da TVG (*Luar, Comando Zapping, Máxima Audiencia...*), coa faceta de presentadora en distintas galas e programas (como *Pillados* ou *Supermáster...*).

É vocalista do grupo de música *Siesta Continental* (pop electrónico), *Chocolate Sexy* (soul en galego) e *Détour* (cabaré).

No que se refire á súa formación, asistiu a cursos de interpretación, composición, voz, danza do ventre, cabaré, claqué e danza jazz, danza contemporánea e dirección de actores.

Rodrigo Roel (*Florencio Pardo*)

Comezou a súa carreira profesional como actor de teatro en 1975 dentro do grupo de teatro Komos, da Universidade Laboral da Coruña, co cal colaborou nas montaxes *Don Quijote libertado* e *Sodomaquina*. Desde aquela, entre os numerosos papeis escénicos que interpretou destacan os desenvolvidos para o CDG: *Caderno de bitácora* (1985), *Almas perdidas* (1987), *O Mariscal* (1994), *Daquel Abrente* (2003) – produción que xuntaba as pezas *Laudamuco*, *señor de ningures* e *O velorio* – e *Ricardo III* (2005).



Tamén ten participado noutros espectáculos de compañías profesionais como Teatro do Antroido en *Laudamuco*, *señor de ningures* (1978), *Memorias de mortes e de ausentes* (1978) *O touporroutou da lúa e do sol* (1982), *Percival* (1983), *O romance dos figos de ouro* (1983) ou para O Moucho Clerc en *Da Vinci levaba razón* (1986), *Na fraga do conde* (1988), *A caza do snark* (1991), *O rouxinol da Bretaña* (1992) e *Os tres erros* (1993).

Igualmente, interveu nas montaxes *Saxo Tenor* para Teatro do Aquí (1993), *Moliere final* (Talía Teatro, 2004), *Zardigot* e *Anxeliños* (Espello Cóncavo, 2007 e 2008 respectivamente), así como nos filmes *Sempre Xonxa* (dirixido por Chano Piñeiro, 1989), *A metade da vida* (dir. Raúl Veiga, 1993), *Dame lume* (dir. Héctor Carré, 1993), *O lápis do carpinteiro* (dir. Antón Reixa, 2001) e *León y Olvido* (dir. Xavier Bermúdez, 2003).

Traballou nas series da TVG *Pratos Combinados*, *Galicia Express*, *Avenida de América*, *Terras de Miranda* e *As Leis de Celavella* e, noutras facetas escénicas, dirixiu as pezas *A caza do snark*, *Gaivotas subterráneas*, *Dany e Roberta* e *Parella aberta*, entre outras.

Dentro da súa traxectoria profesional tamén sobresaí a súa actividade como escenógrafo, decorador, realizador de atrezzo, figurinista e iluminador en máis dun centro de producións. De feito, recibiu os Premios Compostela á mellor escenografía por *Saxo Tenor* (para a compañía Teatro do Aquí 1993) e por *Electra* (Uvegá Teatro, 1995) e foi nominado ao Premio María Casares 1999 á mellor escenografía por *Memoria de Antígona* do CDG, ao Premio María Casares 2002 ao mellor vestuario por *Rosalía* do CDG e ao Premio Mestre Mateo 2006, tamén na categoría de mellor vestuario, pola longametraxe *León y Olvido*.

Davide Salvado (*Milo*)

Axiña descubre o seu interese por diferentes manifestacións da arte -o teatro, a música, o cantar, a *performance* ou mesmo a pintura- e fai o posible por achegarse a elas. Así, é membro de Ecléctica Ensemble (xunto con Uxía Pedreira, Richard Rivera e Ramón Piñeiro), formación coa que participa en 2003, baixo a batuta de

Carlos Blanco, na creación do espectáculo *Dille-I*, difundindo o seu particular xeito de entender a música de raíz por escenarios de toda Galicia, Madrid, Barcelona e mesmo París.



Habitual das Foliadas da Casa das Crechas (Santiago de Compostela), neste punto de moitos artistas cunha particular visión da música tradicional contactou con Xosé Manuel Budiño e dende 2002 é a voz e percusión galega da banda do gaiteiro. Na súa faceta de cantante e percusionista tamén cabe reseñar a súa colaboración nos espectáculos con Uxía Senlle e Mercedes Peón e co grupo Marful.

A súa inqueda de reinventar o cabaré á galega fíxose realidade en 2004 cando, en compañía da actriz e cantante Pepa Yáñez e do músico Nacho Muñoz, presentou o espectáculo *Cabaré D'Aquí*, que participou na primeira edición do Festival Galego de Cabaré (Oleiros, 2006). En 2008 preparan un novo espectáculo no que conxugan con grande ironía a música tradicional da Península Ibérica, os boleros e os éxitos das pistas de baile de toda unha vida coas bases electrónicas creadas por Naño Muñoz.

Os primeiros contactos co mundo da *performance* datan de 2004, cando na “Festa-concerto Orgullo 2004. Camiño da Igualdade” presentou o seu espectáculo *Davide Salvado e amadores de Davide Salvado*, xunto con Jorge Dosil, Cassio Manaia e Ana Dosil. A esta aventura seguiron diferentes versións da *performance A miña beleza fundará dinastías*, que foron exhibidas no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo, na Galería C5 de Santiago de Compostela ou no Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC). En novembro de 2006, estreou a acción *RIDE Gold* na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e en febreiro de 2008 participa na *performance Obey: ofendidos y humillados*, creada e dirixida polo recoñecido Joan Morey.

Imparte cursos de percusión galega, canto e ornamentación antiga aplicada á voz no Conservatorio Folk de Lalín e no antigo Conservatorio de Pontevedra. Ten impartido charlas sobre diferentes aspectos da cultura tradicional galega en foros variados; por exemplo no Festival Folklórico Internacional da Cultura Celta de Ortigueira; en actividades relacionadas co Conservatorio Folk de Lalín en Madrid, Barcelona e París; ou incluso en Bulgaria e Bos Aires en eventos paralelos aos concertos coa banda de Xosé Manuel Budiño.